

Unha crónica do galeguismo

Antón Moreda leva uns 30 anos vivindo no psiquiátrico de Castro e está colaborando coa Universidade de Santiago. Está a realizar un estudo sobre o Consello de Galiza e o nacionalismo na emigración en América

MAYTE CORBELLE

■ “En contra do que pensen moitos, ser nacionalista non é outra cousa que estar namorado, querer e loitar pola terra na que naciche ou na que te criache”. Así de sincero se amosa un exemplo vivo do nacionalismo galego, Antón Moreda. Este home de 71 anos chegou a ser secretario xeral das Mocedades Galeguistas en Arxentina. Xunto a el, nesa iniciativa estaban xente como Xosé Neira Vilas, Vidal Pérez Graña e Carlos Abraira, entre outros. Na actualidade leva algo menos da metade da súa vida vivindo no Centro Asistencial e Rehabilitador San Rafael de Castro de Ribeiras de Lea, lugar dende o que traballa para a Universidade de Santiago.

Nestes momentos, Antón Moreda está a traballar nun proxecto de investigación sobre a historia do Consello de Galiza, unha especie de goberno no exilio que foi impulsado, entre outros, por Castelao, e do nacionalismo na emigración en América. “Para min este traballo veu como auga de maio; non podo dicir nada malo dos da Universidade, xa que me permiten estar activo, pensar e buscar cousas e, ademais, me tratan dunha maneira excelente”, di Moreda. Neste sentido, el vai estar o vindeiro 16 de xullo en Santiago para ofrecer unha conferencia sobre os seus estudos. Será a partir das nove da noite no *Dezaseis*. Os interesados en acudir a esta cita poden informarse no 981.89.17.40 (Ramón Muntxaraz).

Ramón Moreda defínese a si mesmo como un loitador. Asegura, con moita retransa, que

“eu nacín en Galicia e para min isto é o paraíso; fíxate que con un ano me levaron para Cuba e chorei, berrei e pataleei ata que conseguín volver á miña terra”. Así, Moreda viviu en moitos lugares, entre eles Arxentina ou tamén Barcelona. E moitos deses anos foron tempo de exilio, unha fase que el define como “unha época na que eramos novos, cantabamos e bailabamos e tamén pedíamos para que morrera e non resucitara o xeneral”. E neste sentido, este galeguista afirma que o máis o cabrea “é que a xente perda a memoria histórica ou non lle faga caso; eso enfádame moito comigo mesmo, porque vexo que é algo que está a pasar tódolos días”. Ademais, Moreda tamén se sente doído porque as xentes no traballaran máis por Galicia. “Todo o mundo coñece as Irmandades da Fala e o Partido Galeguista, que era o seu brazo político, pero ninguén foi capaz de tomar as rendas e de traballar por esta terra”.

A pesar diso, Antón Moreda afirma que segue a disfrutar dos pequenos prazeres da vida. “Case tódolos días veño tomar o meu café de sobremesa, porque non me custa moito e porque para min esta é a verdadeira paz”, di. Tamén é dos que pensan que estar parado é morrer, por iso afirma que “eu quero estar esperto; o día que me durma será para sempre, pero ata o de agora ando con coiado”, afirma. Neste senso, xa no centro asistencial de Castro, foi o promotor da revista *Falemos*. E dende fai 13 anos tamén é presidente e cofundador da asociación *Gaio-la*.



Antón Moreda practica o costume do café de sobremesa

DITO QUEDA

“Cun ano leváronme a Cuba e chorei, berrei e pataleei ata que conseguín volver”

“Un nacionalista ou galeguista é aquela persoa que quere e loita pola súa terra sempre”

APUNTES

⚡ **Este galeguista** é dos que pensan que a mellor xestión mediambiental e economía de traballo que hai é a que existía antano en Galicia: unha familia cunha casa de dobre pranta onde había sitio para os animais; unha cocina onde quentarse, comer e xogar ás cartas e, na parte alta, os cuartos. E onde, asegura, non había tal contaminación medioambiental, senón moito respecto pola natureza.

⚡ **Antón Moreda**, ademais de coa defensa do idioma e da cultura popular galega, tamén está moi concienciado na defensa das persoas con deficiencias psíquicas.

⚡ **No ano 2003** cumpríronse 50 anos da creación das Mocedades Galeguistas na cidade de Bos Aires. Nesa data constituíuse a filial xuvenil da Irmandade Galega de Bos Aires, da que formaba parte Antón Moreda. O seu obxectivo era o de contribuir ao espallamento da identidade cultural e política de Galicia.

⚡ **No ano 2004** celebráronse dous feitos trascendentais da historia contemporánea de Galicia: o 60 aniversario da edición de *Sempre en Galiza*, de Castelao, e a fundación do Consello de Galiza. Ambos acontecementos están vencellados, xa que o primeiro é o sustento ideolóxico do segundo. A edición do debandito libro foi moi importante no pensamento galeguista.